

Caracas 28 de xaneiro de 1971

Sr. XESUS VAAMONDE POLO

V i g o

Querido amigo:

Contesto a volta de correo á súa carta. O disco de "Galicia canta", coas cantigas de Xulio Formoso, foi grabado moi posteriormente a terlle eu mandado as letras miñas a vostede. Na verdá, cando decidimos grabar o disco e Xulio me pediu unhas letras pra pór lle música, eu non me lembraba esaitamente de coales eran as que lle tiña remesado a vostede. A miña memoria é fraca e, e, por outra parte, teño moi mal organizada a burocracia do meu negociado poético.

Pesie a todo, coido que o feito de que haxa dúas versións musicales dun mesmo poema non constitúe ningún inconveniente sinon pola contra é unha proba de riqueza de imaxinación ~~en~~ fantasía.

Doulle as gracias por terlle adicado a súa inspiración musical a tantos poemas meus. Gustaríame moito escoitar as cancións que vos tede canta. Algún día será. Ocorre que teño espalladas por ehí dúcias de letras de cancións que me teñen pedido grupos musicás de Madrí e de Barcelona e que non sei si "funcionan" ou non. Somente o grupo ~~XXXXXXXXXX~~ Falsterbo-3 de Cataluña me mandou os seus discos con "Monólogo do vello traballador" e "María Soliña", dúas cancións das que, por certo, tamén existen dobres versións musicales.

Aledoume moito o que me conta do festival realizado no Pazo dos Deportes de Vigo. Debeu ser emocionante. ¿En qué consistiron os follós que me dí se armaron ao final da festa?. Chámame a atención que as autoridades lle puxeran luz verde a toda cras de cancións, sobor de todo dempois das cousas que pasaron i están pasando. De tódolos xeitos esta conduta liberal contrasta co rigor da censura, que fai unhas semanas machacoume a mitá xustamente do meu libro "Antipoemas" que ía a serme publicado ehí por Edicións Xistral.

O long play de "Galicia canta" está outendo eiquí un grande éxito, incruso fora dos meios galegos da coleitividá. ¿Gústalle a tapa do disco?. Diagrameina eu cun "collage" feito con dibuxos (eu non sei dibuxar) de Souto e de Seoane, mais ou menos calcados. A nosa intención é a de introducir en Galicia esas cancións, pois coidamos que é ehí onde deben producir o seu efecto, sobor de todo entre a mocidade que é a que lle vai a pór o rabo as cereixas o día de mañá na nosa terra. Pretender

crear conciencia galega entre a xente da emigración é perder lamentablemente o tempo, pois as nosas coleitividades nas Américas, salvo pequenos grupos minoritarios, están definitivamente perdidas pra Galicia, por moitas e variadas razóns que non ven ao caso citar agora. (1)

Dentro de unhos días mandareille o disco, como un obsequio que lle rogo acepte.

Creo que foi un erro non ter adicado todo o disco as cancións de Xulio Formoso, xa que as dos outros cantantes (regrabadas) xa son de abondo coñecidas na terra, mentres que Xulio constitúe unha nova aportación.

E nada mais por hoxe. De vez en cando escribame pois énceme de satisfacción recibir noticias dos mozos galegos "que ao mal dos petrucios non sodes alleos", que decía Curros.

Un cordial abrazo

*Celso Turiel*

(1) De tódolos xeitos, seducidos polo título de "Galicia canta" e coidando se trataba de folklore de romería, moitos lampantís da emigración, reaccionarios i hespañoleiros, mercaron o disco. Supoño que dempois de tólo escoitado, lembrárianse dos nosos antepasados até a quinta xeneración.